


A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA



REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

Núm. 272

1.º de Xunio do 1930

CAMILO DIAZ

Biblioteca

RG 106/1

EFFECTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCESESORES

F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerás para equipo da mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores*

Grandes Almacenes de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDOS EN PANOS DA RE-
XIÓN E EXTRANXEIROS CONFECCIÓNANSE
TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLE-
RES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256
A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o
procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica. Avenida da Granxa - A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15-A CRUÑA-REAL, 110-FERROL, Príncipe 9-VIGO

DISPONIBLE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36, - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIV



1.º de Xunio do 1930



Núm. 272

AO DECORREL-OS DÍAS

No momento de escribir estas liñas andan as páxinas dos xornás de Galicia vertendo bágoas, en forma de verbas, e andan a se reunir unha vegada mais! as chamadas *forzas vivas* ante o temor de que as obras do camiño de ferro A Cruña-Zamora sexan suspendidas. O mais seguro é que as obras serán paralizadas encol de todo nos trozos Santiago-Ourense e Ourense-Puebla de Sanabria.

Ben. O asunto téñ diversas facetas en convén enfocal'lo en cada unha d'elas. Se non pode negar que a obra intresa a Galicia no orde material. Galicia é a rexión de Hespaña que menos kilómetros posee de liña férrea. Este camiño de ferro viría a resolver en parte o problema das nosas comunicacións intergalegas. Uniría á Cruña con Santiago e con Ourense hoxe servidas d'un xeito precario c'as liñas de automóviles e co ferrocarril do Norte. Ademáis de entrelazar diversas vilas de vida intensa casi illadas entre sí. Este é o problema máis intresante que resolvería o novo ferrocarril.

Mais resulta que a maior parte das protestas e dos lamentos están fundados en que sin este camiño de ferro Galicia sigue alonxada de Madrí. E nós preguntamos ¿é ese un problema angustiante para Galicia? ¿non sería máis beneficioso para a nosa terra pensar en todo o contrario? Temos razóns poderosas de índole espiritual para pensar que sí, mais non podemos facer outra cousa que ceibar as preguntas que cada ún contestará con arreglo á súa conciencia. O que non téñ dúbida é que a situación actual da nosa terra débese na súa maior parte a que os galegos en xeneral viven pensando mais en Madrí que na súa terra. As consecuencias de tal criterio están á vista de todos e non fai falla expoñel'as crudamente. Ademáis expoñeríamonos a que a atrofia patriótica da maioría dos galegos impediralles comprender o problema. Deixemos ésto que algún día será resolto.

Para facer este camiño de ferro na súa parte galega e outros mais que Galicia necesita ¿non temos nós capacidade económica? Galicia é a rexión que máis contribúe ao Estado e tamén a que menos d'él percibe. ¿Non salta á vista que facendo as cousas con xusticia e equidade poderíamos facer ferrocarriles? Pénsese no que sería Galicia desenrolándose n'un réxime autonómico.

O desbaraxuste económico a que levou a Hespaña a pasada Dictadura é o que motiva a suspensión ou aplazamento das obras. Conforme de toda conformidade e hasta apraudimos ao goberno actual que se ourente por ahí pensando no restabrecemento da Facenda. Mais preguntamos nós; ¿por qué se paraliza este ferrocarril e en troques contiñan outros que está demostrado son improductivos e foron planeados para negocio particular dos ex-dictadores? A resposta é fácil. Porque este ferrocarril é para gallegos. Como os galegos temos categoría e ademáis sómol'o, de escravos, a pregunta fica contestada. Ademáis si se quere facer economías ¿non hai outros presupostos ministeriaes onde aforrar centos de millóns? Se nos deixaran non teríamos inconveniente en sinalal'os.

Por outra parte está craro que ún dos motivos que mais influirían para que as obras se paralicen será a presión que para elo tén de facer a Compañía do Norte indudablemente perxudicada co'a construción do novo ferrocarril. E todos sabemos que na citada Compañía hai intreses particulares de políticos que en Galicia teñen influencia nefasta.

Tal é a realidade da custión.

Nós o único que podemos facer, e gracias que poidamos, é amostrar o asunto completamente espido á ollada carneiril dos galegos. Eles verán a aitude que adoitan. Nós sabemos ben cal sería a verdadeira e procedente, pero nós sós non podemos resolver esta custión derivada da custión principal que é a que constituíe o noso cabalo de batalla e por cuia solución vimos abogando desde que nascimos á vida púbrica e seguiremos anque teñamos que estrelarnos co'a indiferencia e carencia de patriotismo da maoría dos galegos.

Feito este artigo vemos con ledicia que Galicia enteira abre arelas de redención pra os sets problemas, que como este é de tanta importancia pol-o momento. Algo é algo e así pódese decir que Galicia sinte e non quere morrer.

A rúa i-o camiño

Botemos por calquer d'ises camiños que fán do campo dos caracochos unha rayolante estrela. Vai apalpando nas laxes e departindo eidos de centeo, afúndese en correidoira sombriza ó cruzar a terra mol

das nabeiras, chouta graciosamente o rego por un pontillón ou pol'as usadas pedras d'us pasales. Cando pasar un lugar figura camiñar adispaciño pra ouvir a conversa das casas, das figueiras, dos curros e das pitas. E ó seguir camiñando leva un largo treito—deica a revolta, deica a fonte—o esprito d'aquil lugar.

De súpeto o camiño labrego morre canalizado por piornos, por muradellas, no calzado piso da estrada. Ista figura correr, pra riba, pra abaixo, asegun as rodeiras coadricoladas dos autos. Tamén de parte agras, milleiradas e viñas, mais xa d'unha banda â outra os troitos da terra non se consideran como veciñas. I-entre as casas d'as duas bandas corre como unha fronteira d'obras púbricas.

Sigue a carreteira recollendo a presa paisaxes i-o entrar na cibdade fáise rúa. Un nome loce na esquina. Hai luces pol'a noite e dend'as tendas hastra as galerías das casas numeradas i-arringleiradas asómase moita xente ollando pra rúa. Mais istas casas non fan familia, non falan c'as de por frente, considéranse estranas, indifrentes. No bosque dend'os toxos e xestas do chao deica os mais outos follatos dos arbres, circula un aire de sociedade, de colaboración na vida. Nas casas cada piso vive asegun un ritmo diferente e todos eles compoñen un sistema de terreos sociais estratificados. Os veciños saudanse ceremoniosamente na escaleira. As portas da dreita e da esquerda considéranse con política, con sospeita. Cada habitaceon vive pra si, soilo comunamente c'as outras na relaceón xurídeca c'o caseiro e c'o concello. Unhas luces tremorosas de velatorio apenas esperantan curiosidade nos veciños. I-os que por casoalidade se fán amigos despoixa de vinte anos de veciñanza, míranse igoal que no porto os pasaxeiros do mesmo barco indifrentes entre eles tod'o largo da travesía.

Sabemos qu'as cibdades son a for-

ma superior da sociabilidade humana. Elas son as verdadeiras povoadoras das naciós, sua opinión na política e no estilo da vida pesa moito máis qu'a das campias, como que diran o tido de cidadán ô home moderno. Mail'os veciños non' o son da rúa. Sôno da corporación, do officeo, do club, das angueiras diferentes. Aínda n'outro tempo as rúas dos teceláns, dos tendeiros, dos orfebres, eran eispreson de grandes familias sociais. Hoxe nas cibdades os homes xúntanse com'os viaxeiros nos trens: cada un c'a sua vida paralela â dos mais.

E tráxica, ista xiada mentalidade da rúa e da escaleira. Conforme médran as cibdades amingoa o sentido vivo da comunidade social i-en lugar de verdadeiras familias hai greas de solitarios dispostas a ser xoguete de calquer suxestión d'un instante. O medrar a xente baixa a temperatura do vital senso da sociedade. Co ise sentimento volvemos ô camiño labrego sin ser donos a deixar de pensar si cicais c'o crecemento urbán váise xiando o sangue social dos pobos.

R. OTERO PEDRAYO.

Da nova Galiza

Endexamais tivemos un chisco de dúbida encol da enerxía galega. Contodo, âs veces, os casos esprimentados no noso xornaleiro vivir aldeán dábannos moito que pensare. E hastra chegamos a sentir istantes noxentos de desespero, e de descon-

fianza. Sobre todo no trato c'os que voltaban da América.

Xa todos sabedes como eran e como aínda son algúns d'eles. Colli-dos na imitanza do que ollaban alem do mar, deseguida, sin mostrar capacidade de resistencia, re-negaban da aldea galega e dexá-bunse engayolar por tod'al'as cousas de brillante e valeira superficie. Disprezando o traballo da terra, a fala dos pais, as feituraas anter-gas do vivir aldeán, somentes estimaban o negocio, o castelán macarróneco i-as costumes da vila american qu'eles teimaban inzar na aldea co-mo quen trai a boa nova d'unha re-denceon. A onda migratoira estou-paba mansiña na costa american pra tragner, de rechazo, o refugallo de to'al'as maneiras de pensar dos *deracinés*, dos que pódemos cha-mar bandidos non por se adicar precisamente o roubo sinon por «estar botados, fora da pátreas *bandits*, *outlaws*, no sentido etimolóxico. Eiqui unha aclaraceon. Non quere-mos falar d'estar materialmente na pátreas. Póde un bó galego vivir en Iokoama, en Scattle, en Alcorcón ou en Angora e levando dentro sí a pátreas será d'ela un bon cidadán, non un *fóra da lei*.

Fora da lei garimosa, eterna, con-soadora da Galiza figuraban querer vivir os nosos emigrados. A crítica social e literaria ténos sinalado, i-acusado con xustiza. Hoxe esta-mos xa notando unha variaceon tan grande na psicoloxía dos queridos irmaos que a xustiza mesma impón a obriga de gabálos e eisaltálos. Ho-xe os galegos da América decató-ronse da sua personalidade, son gale-gos de curazón as minorías cultas e

dentro de pouco tempo o será tamén a maoría. A reutificación de con-ducta débese, sin dúbida, primeiro as rus i-a lei da pátreas que fala ceibe n'eles perdoándolles ofuscaciós de momento. Mais en parte esenzal débese o esforzo dos bós galegos d'aló qu'en xornaes, revistas, xun-tanzas e conferencias, no trato dia-reo e na relazón c'a Terra, mante-ñen aceso o lume do fogar da Raza. Gracias a istas minorías aquil sen-timento de reintegración poído col-ler corpo e verbo. Non é preciso ci-so citar nomes. Ademais, na nosa homildeza non nos atrevemos por-que de fixo teriamos que esquencer a moitos, os que traballan calada-mente con eficacea diarea. O peca-do dos *deracinés* pódese hoxe xuz-gar con mais indulxenza: a culpa non foi tanto dos galegos emigrados coma dos galegos de Galiza que os deixaban camiñar aleiros d'educa-zón pátreas i-espostos pol'o tanto a adourare o primeiro becerro d'ouro qu'atopasen.

Graceas ós demos proteitores da nosa Terra o tipo do *ché* disprecia-tivo, iróneco, falseado no seu eixe pol-a imitanza, vai desaparecendo aixiña. Axiña será un persoaxe his-tóreco i-episódico. Pois a nova Ga-liza que xa deixa ouvir sua vos no mundo confiada e chea de vida, es-tase criando pol'o esforzo dos d'am-bas beiras do Atránteco, e d'Arxen-tina, de Chile, do Uruguay, de Cuba, as verbas d'alento falan non só d'un futuro saudoso sinon d'unha trun-fante realidade, forxada pol'a obra d'unha xeneraceon coscente que franquea na hestorea da Galiza un-ha nova época feliz.

T. DE A.

UN "VIKING" NA TERRA AROUSAN

Vouvos a contar a historia do viking Gunderedo. Seus compañeiros i-as crónicas do norte cecáis digan que foi un vencido. As crónicas galegas din como foi un trunfador. As crónicas esquirtas na paisaxe e na yalma, na lingoa dos piñeiros, dos regatos e dos soutos, na lingoa da onda mariña que balborda no cón penedoso de Sálvora e na roiba praya de Rianxo.

A historia do viking Gunderedo é unha historea de paisón, d'amor, de morte e de resurreiceón.

Dende rapaz prefería cazar niños nas paredes dos fiordos que sair ô largo a conquistar sanguento botín. Mais qu'ô corno guerreiro ecoando nos roquedos, era amigo d'escoitar o pranto da cornamusa qu'un celta prisioneiro tocaba nas longas seráns de desterro e de saudade.

O lanzal neno, fillo de Reis, non comprendía porque seu pais saía todol'os anos guiando unha flota guerreira pra razziar a costas do Sul. Nin porque as sorrisas das donas eran todas pro soldado tinxido de sangue, e porque o arado non rachaba as terras da Scandinavia inzadas de frores bravas e percorridas por osos terribres. O lanzal neno, fille de Reises, sofria da doenza de non ter pátria.

Un outono sobr'o lombo das oias disformes a barca do seu pai apareceu ceibando berros de trunfo sobr'as augas batidas. As mulleres agardaban na orela pra recoller o botín: montós de ouro traballado, d'estofas d'eirexas, de cofres acugulados de pedras coma estrelas e como ollares, de fíndos cálices e de preciosos libros miniados, debrocóuse na salvaxe grandeza da praya. Mais a froi do botín traguía outras pelras mais ricas nos ollos carregados de bágoas. Era tamén filla de Rei, e suas maus da cocr do luar de xaneiro tiveron que servir esgrevia cerveza do norte n s banquetes dos ivkings.

O lanzal Gunderedo namorouse da escrava. Ela ensináballe unha cruciña d'ouro bizantino deitada no doce val de dous seos coma pombas, e os dous de maus dadas, ollaban dend'o outo dos cabos a balgata dos Reises Magos camiñando pr'o

Sul en nubens de neve e cabalos de vento do polo,

Mais jurta foi a felicidade de Gunderedo, fillo de Reis! A faciana da escrava foi unha mañán mais branca qu'ô iceberg viaxeiro e sobre d'a crus do seio caía dend'a boca de virxe un roxo regueiro de sangue.

O lanzal Gunderedo quixo pra esquenecer camiñar á guerra c'ô seu pai. Cen barcas veloces deixaron atrás os golfís e as tromentas, e ôs poucos días unha terra verdecente e mimosa abría brazos de rías e de costas poboadas de castiñeiros en froe e ledó cantar de campaiñas.

O lanzal Gunderedo choraba ás escondidas dos guerreiros cando as aldeias ardian coma faticos de palla e o viño xeneroso corria misturado c'ô sangue pol'as rúas das vilas muradas.

Mail'a terra doce e mimosa tiña homes fortes pra defendéla e greas de guerreiros guiados por bispos e por condes venceron ôs vilkings e forzáronos a s'acoller no refuxio dos barcos.

O lanzal Gunderedo tivo unha revelazon: aquila terra era a da escrava morta. L'aproveitando a confuseon do embarque ficou agarimado n'unha fuma da costa. Sin door viu com'os barcos dos seus traspuñan o hourizonte e non se lembrou mais da orela nativa.

Logó na orela galega foi un home de paz e de traballo Lonxe da guerra, traballón un eido e adeprendeú a cantar fermosos hinos latinos na eirexa dos mónxes. Gozón d'un longo vivir ditoso, espiritualmente casado c'a lembranza da filla de Reis, morta na servidume. Renunzando a un reino de loita e guerra tivo un eido de paz, e á sombra dos pomares prantados por él, falaba con pe egrinos de Sant-Iago dos miragres que pol'ô camino iban sinalando a chegada á redendorá terra da Galiza.

Tal é a hestoria homilde do viking Gunderedo fillo de Reis pol'a nacementa, fillo da Galiza pol'a chamada do curazón.

Asíua ouvina contar ôs piñeiráls e ás ondas nas beiras da mar d'Arousa.

Froitoso Touza Sergude.

Ribeiras do Arnego, mayo do 30.

Os señores d'outrotempo

Unha socioloxía esperta e nova, traballando sobre realidás concretas asegún o método lumioso de Xorxe Simmel, tería qu'escibir un capidoo suxestivo encol dos chamados: *Señores*. ¿Quén son os señores? ¿En qué se distinguen dos que non'o son? ¿Qué xuíceos coleitivos manteñen ista distinción? Ser señor n'outro tempo aínda non moi recuado de nós, era sélo de pazos e terras, d'educación e d'herenza, de carreira e de prestixio persoal. Hoxe, o término váise pouco a pouco aguendo equivalente de burgués, en diametral contraposición c'o sentido antigo que non admitía o adxetivismo do diñeiro pra sustantivizar diferenzas de crase.

Mais nós, agora, non imos escribir ise capidoo tan necesario na Socioloxía. Nós imos falar de como o tipo dexenerado do señor d'outrotempo aínda colea nos tempos d'hoxe sendo en xeneral e no caso dos nosos problemas, un inimigo das reivindicacións galeguistas. ¿Non é a cousa sorprendente? Pois os que teñen (ou tiveron na súa caste) pazos e terras deberían por lei natural d'un certo aristocratismo do chán, ser amigos da esaltación d'ise mesmo chan nutrición dos seus brazos e do seu nome. A espricación, pol'o menos da parte esencial, d'isa aitude, non dubidamos que seña a seguinte: da antiga aristocracea só-lo gardan pouca cousa, i-esa pouca cousa, é precisamente, os caracteres dexenerativos qu'a fixeron morrer sin honor e sin gloria, como forza social.

De fixo qu'os grandes feudales do XV século ollarian con amor calquera reivindicación da fala e da terra coñ tal que non mordiscara os privilexios conquistados c'a espada. Tamén, fuxida a Madrid, aquela grande aristocracea, os pequenos señores terrícolas do XVIII século, por exemplo, os que vivían, e fazían e esgotaban a pinga das propias viñas i-o pan das herencias da casa, serían galeguistas en tod'o que non amingoara o prestixio divino do Rey cuyo nome se pronunciaba c'o sombreiro na man. En conxunto, o atrebado sé-nlo XIX asistiu o esborramiento da caste dos señores e non por un seísmo social sinon por o baixo espírito de imitación, pol'a atracción da cidade, pol'o oficinismo, pol'a política, e a moda, e o beber, e o xantar *ad usum Matrili*. Non souperon estare á outura das súas castes nin ô mandamento dos abós. Morreron por se facere indios da terra. E como si a terra tivera culpa da súa decadencia social fixéronse inimigos da terra e da Galiza que non'os deixaba disfoitar d'un vivir como eles o quixeran: lonxano a toda lembranza e a todo arrepentimento da aldea.

Moitos d'ises señores aínda viven entre nós. Atopádelos nos casinos, nas oficinas, tiranizando en nome de elegancias valéiras ós mozos que pensan dereitamente c'a yalma posta no pôrvir da Galiza. Gastan os anos derradeiros do vivir en demostrar que non son galegos sinon veciños d'unha das catro provincias da rexión administrativa española chamada Galiza. Son os que consideran a lingua porca e pouco sociebre, a raza raposeira e de malas ar-

tes, o paisaxe triste e lamigento, os cartos bós pra gastálos en viaxes a Madrid ou a Andalucía, a vida enteira como un escalafón cujos postos superiores, enveitados e arelados están moi pretiño do ministerio da Gobernación. Istes cabaleiros teñen as suas señoras aínda mais radicadas qu'elles no tocantes a desprezar a Galiza e exercen na familia un poder que poidéramos chamar isabelino ou canovista pois a sua psicoloxía tomaba corpo rematada no tempo dos partidos turnantes da Restauración. Diredes ¡son cousas vellas! Non, o seu cativo espírito segue animando a moitos mozos que o identifican c'a maneira de vivir da España do centro e do Sul, e serán os derradeiros en deixar salvar a pouca cantidade de conciencia que lles queda, pol'o empuxe redentor do galeguismo.

MANOEL GULIN.

DO MOMENTO

Deica este currunchito occidental chega o balbordó da loita que a India en sostendo co Imperio Británico.

O sacrificio maravilloso e a tenacidade con que os patriotas indios andan a defender o seu preito, non pode pasar desapercibido a quenes levamos no corazón un sentimento patriótico semellante por virtude d'un problema de liberdade de parecidas características... O eterno problema que mentras non esteña totalmente resolto faranos presenciar constantemente a traxedia de ollar como loitan os pobos que teñen alma de seu contra a tiranía ou a tutela dos pobos opresores

A guerra europea resolveu algúns preitos parciais de cuia resolución saíron pobos maravillosos, Checoslovaquia por

exemplo, que asombran actualmente pol-o seu adianto, pol-o seu traballo, cultura e firme enraizamento democrático. Mais os beneficios, n'este senso da guerra, non chegaron a total-as minorías nacionais e hoxe ún e mañán outro andan a prantejar o problema algunhas veces con caracteres traxicos e xurdidos como foi pouco Irlanda e agora a India.

Ano tras ano Irlanda loitou pol-a sua emancipación ofrecéndonos sempre sacrificios que asombraron ao mundo. En cada loita acairon patriotas e recentemente o Alcalde de Cork e outros patriotas anónimos demostraron até onde pode chegar o amor pol-a Patria. Irlanda conquistou un réxime amplamente autonómico, mais é seguro que aínda non conquistou a totalidade da súas arelas.

Agora a India con Ghandi á cabeza remove intensamente o preito universal das minorías. De nada valerá que Ghandi, a figura universal mais grande da actualidade, fose preso. O problema subsistirá mentras haxa un patriota que leve no corazón a imaxe da Patria asoballada. Canto mais grande e crudenta sexa a represión mais o problema agudizarase buscando unha solución: ben pacífica, ben sanguinaria. Solución ao fin pois é problema que non se resolve con bayonetas.

Certamente que Inglaterra pasa por momentos verdadeiramente angustiosos, pois bé morrer o seu poderío formidable. Pero para a Humanidade é sempre millor un pobo pequeno, libre e humilde, que un Estado guerreiro, perigo para a paz universal

E si estos preitos pranteánselle a un Estado moderno, poderoso e democrático como é o inglés, ¿qué non será a Estados caducos, débiles e autocráticos que todos conoscemos? Dobre motivo que abona a razón que asiste aos pobos a emanciparse de tutelas e opresións.

O preito é o mais serio que o mundo ten pranteado actualmente, e anque os chispazos prodúzanse lonxe de nós non esquecamos que as tormentas teñen unha velocidade comparable co'a do pensamento.

VICTOR CASAS

Snscribase a "A NOSA TERRA"

O MAPA DO 1830 I-O DO 1930

Os anos trinta van sendo a madureza de cada século. As veces pasan en silencio, sin deixar apenas un rousel de novidade na derrota da vida. O 1830 non é d'istes. Pol'o menos houbo n'il duas cousas dignas de ser sempre lembradas pois aínda vivimos na atmósfera entón criada en moitos aspectos. Resoluzón e Romanticismo. Ademais outro movemento moi cinguido e relazoado c'aquiles: o movemento nazonalista.

Afundido o imperio napoleónico a Europa voltón automáticamente ó sistema do século XVIII. Gobernaron outravolta as pelucas á Federica e a razón d'Estado identificada c'a razón doméstica dos Reises. Todol'os poderosos se deitaron nos sofás das antecámaras coíndo afundirse pra sempre n'un soño descansado. Un liberal, un nazonalista, era considerado pior qu'un anarquista dinameteiro de teatro. As veces sorprende a forza da inercia nas sociedades. Por algo foi un dos principios máis básicos d'antiga físeca. O pior que teñen isos estados é a privación do sentido do futuro. Por iso fai un século ficaron sorprendidos da revoluzón nazonalista e liberal. E apesares qu'ela en grande parte fracasou na mediocridade, a verba «en avant» estaba ceibada.

Sempre cavilando n'istas cousas pensamos: os partidarios do Imperio d'Austria ou do Réxime dos Zares, podían ser sinceros? Moitos eran homes de grande espírito e de sensibilidade ben esperta, apesares do cá, non sabían estimar a cantidade de xustiza e de razón que asistía ó espertar das nazonalidás. Póde que a causa fóra a maneira do pensamento volteriano que no fondo consideraba ó pobo esencialmente malo, inferior, e serro de nacimiento, e soílo fiaba o pórvir no mando de minorías escolleitas. Hoxe que non pensamos qu'a relixión podía ser instrumento de servidume, podemos esculcar millor a psicoloxía d'aquiles dirixentes.

O ano 30 do oitocentos foi bambeado con forza o edificio restaurado no Congreso de Viena, e n'il quedaron pol'o memos, rachadelas que ningún cemento políteco foi capaz de encobrir. A Bélxica, saíndo o nú-

brico d'unha ópera románteca, ceibouse da Holanda, esqüencia da súa antiga i-esgrevia dinidade republicán, na Francia gobernan o profesor Guizot, e o nazonalista Thiers, un instante as roseiras de Polonia e da Italia frolecen ledas pra ser deseguida calcadas pol'as botas militares do imperialismo, i-hastra na Xermania volve a soprar un douco d'aquil aer de fera liberdade que noutrora animaba os campos das Dietas.

Hoxe a palabra nazonalismo toma un xiro aveciñante c'o imperialismo. Mais lembrando o século pasado hai que empregarla con tod'a dinidade de que foi bandeira. Iste nazonalismo, no senso propio de libertador dos pobos, foi en conxunto a honra máis grande do dazanove. Pois o vinte apenas fixo máis que dar estado de realidade ás arelas do seu devanceiro. Sinon, comparemos o mapa de século a século agora no ano trinta. Toda a Europa vivente está baixo o signo do federalismo. A carta políteca váise adoitando a carta psicolóxica. A lembranza do Romanticismo non pode esquerer á paralela lembranza do nazonalismo.

Aínda fican poderes incomprendivos, aínda grandes sombras de pasado entebrecen a lus na perspetiva de pobos enteiros. Mais non'os deixemos asoballar pol'o paralelismo. As cousas camiñan hoxe mais axiña e non temos médo a que un 1948 seña necesario pra rematar a obra coma no século XIX. Non haberá que agardar tantos anos pra que o mundo seña poboado por pobos e non por estados.

Z.

Lembranza de Lousada Diéguez

O día tres de Maio estiveron en Pontevedra os profesores e alumnos do «Centro de Estudios de Concepción Arenal» d'Ourense. Facían unha das suas moitas excursións centífico recreativas que dito Centro tén o costume de realizar. Son de gabar istes paseíos, non somentes pol'o fin fondamente educativo, sinon pol'a labora

grandemente patriótica qu'isto significa; pois non cabe dúbida qu'amostrándolle aos rapaces os encantos qu'a Galiza encerra e o meio d'espertar n'iles o amore a todo o noso.

Mais iste día a embaixada d'istes mensaxeiros do espírito era a mais nobre de cantas realizaran; eran portadores d'unha presa de terra recollida no Instituto Provincial d'Ourense pra depositar na campa do noso moi querido e chorado Lousada Dieguez, mestre de tantas xeneracións ourensáns. Pol'o avanzado da hora que chegaron a Pontevedra foilles imposible ir ao Camposanto como era o seu desexo, facéndose cargo da terra e d'unha auta firmada pol'os catedráticos do Instituto e profesores do «Centro de Estudios» os uosos irmáns Iglesias Vilarelle, Filgueira Valverde e Castelao, quen visiblemente emocionado e en nome da familia agradeceu o homenaxe.

Con verdadeira lelicia saudamos a istes bós ourensáns que na súa laboura forxadora das mocedades coidan con tanto esmero da súa formación espiritoal, úneco xeito de facer patriotas.

A auta suscrita con motivo d'este sentido homenaxe tributado ao noso inequiescente Lousada dice así:

«En Orense, a dos de Mayo de 1930, reunidos en el Instituto Provincial y Técnico de esta ciudad los abajo firmantes con objeto de recoger un puñado de tierra del mencionada Centro para ser depositado en la tumba del muy llorado e ilustre catedrático que fué del mismo don Antonio Losada Diéguez, proceden a efectuar dicha operación, y a suscribir la presente acta.—Fecha ut supra — Ramón. Otero Pedrayo — Marcelo Macías. — Salvador Padilla—C. F. Fernández Amadón—Jaime Pérez Coleman.—F. de la Torre.—Vicente Risco.—Ruperto M. Trincado.—Luis Fernández Mouriño. — Elenterio

Salgado.—A. Martínez Doval.

Tamén na Cruña con motivo da estada da notabilísima Polifónica pontevedresa e nos aitos que no seu honor celebráronse adicáronse verbas de lembranza ao chorado Lousada primeiro presidente que foi da agrupación de Pontevedra, honra e prestixio da Galicia.

A NOSA TERRA tén de agradecer como cousa propia estos homenaxes a quen como Lousada estaba con nosco tan espiritalmente cinguido.

Peneirando

Copiamos d'«El Sol»:

Otro periodista le preguntó acerca del decreto de 18 de Septiembre, de la Dictadura, respecto al uso de las banderas:

—¿Es qué va a subsistir la prohibición?

El general contestó también con una evasiva, como ignorando la existencia de este decreto, o no concediéndole importancia.

t

«El Sol» traduce d'«El Matí» o gran xornal católico de Barcelona as seguintes verbas:

«No podemos ser sospechosos de amar el desorden. Ahora el orden estriba en cumplir la ley estrictamente. No pongáis colgaduras ni banderas que no podáis ostentar con toda la libertad que la ley da, que todavía os las pueden quitar, humillando vuestros sentimientos. Tened todos una reserva digna y severa.»

Xa saberán os nosos leitores que ao fin D. Gabino abreu a boca e dixo... unha

chea de barbaridades que foron a comidilla do día. Foi n'unha interviú que lle fixo Alvaro de las Casas publicada en «La Zarpa» de Ourense. Un absoluto desconocemento dos problemas galegos, da nosa literatura e das nosas primeiras figuras literarias ademais d'un criterio, supoñendo que poida tel-o, disparatado encol dos temas que Alvaro de las Casas foille preguntando.

A cousa caeu como unha bomba na provincia ourensán feudo do panexerista do *borrón y cuenta nueva* e hasta os seus mais incondicionaes criados botaron as máns á cabeza abraiaados pol-as tonterías que dixo o noxento cacique.

Non val realmente a pena de tomar a cousa en serio, pero convén que certos galeguíños decátense da mentalidade do *amo*. Nós que conoscemos a *estoa* que é fartámonos de reir co'as súas payasadas e cada día explicámonos menos como é posible que un sér así poida ter influencia e aínda ser árbitro, anque momentáneo, dos rumbos políticos hespañoles.

Hai cousas que nin vendoas pódense creer.

—::—

Leemos en «La Veu de Catalunya» unha gacetilla moi intrasante que pol-a súa extensión lamentamos non publicar íntegra. Iomos facer un resúme do que dí.

Pol-o visto na sesión do Congreso do 12 de Agosto do 1919 o señor Calvo Sotelo n'un discurso, entre outras cousas, dixo o seguinte:

«Los partidos políticos ya no tienen razón de ser. Si acaso uno sólo tiene títulos para existir éste es el «Catalanista» o «Autonomista». Los partidos tienen que dejar paso a las organizaciones con un contenido social.»

Esta aitude do aventaxado ex-ministro motivou que de Catalunya se lle en-

viaran felicitacións e que os xornás catalanistas gabaran a súa postura. A unha das felicitacións contestou co'a seguinte carta:

Hay un membrete co escudo de Hespañia que di: El Diputado a Cortes por Carballino.

«1 de Septiembre de 1919.

Sr. D. José Palomer.

Muy Sr. mío y de mi mayor cousideración:

Me es muy grato acusarle recibo de su atenta carta del 23, expresándole una vez más mi sincero reconocimiento por los inmerecidos elogios que me tributa y por la exagerada idea que tiene usted de mis supuestos méritos. Muy escasos son éstos, pero de todas snertes cuente usted con que «siempre procuraré defender el ideal que me atreví a proclamar en mis intervenciones parlamentarias.» Cuente siempre con el afecto de su amigo y s. s, q, e. s. m. J. Calvo Sotelo.»

O xornal de onde extractamos o exposto deduce consecuencias da aitude do noso paisaniño no ano 19 e a tomada despois co'a súa intervención destacada e desastrosa na Dietadura.

Fala de como se trocan os homes ante un plato de lentellas e suavemente fai un retrato de corpo enteiro do futuro deputado por Noya (Dios mediante).

Pol-a nosa parte temos que engadir que aló pol-o ano 18 n'un mitin celebrado no Teatro Rosalía de Castro da Cruña o aproveitado ex-maurista fixo decraracións de un galeguismo tan exaltado que lindaba no nacionalismo noso. E nas eleccións do Carballiño todos lembramos o *fiera* e o *rebelde* que parecía aquel entón *nenos precoz*.

Pero... ..

Arquivos II do Seminario d'Estudos Galegos

Defensa dos analfabetos

¿De onde vén que tódol-os delitos—principalmente os públicos e anónimos—escontra das artes e demais manifestaciós de espírito selles atribúen óos analfabetos?

Esta acusacion produciuse mais unha vez co'o motivo da mut. lación absurda da estátua da Pardo Bazán, na Cruña. Tódol-os jornaes aluden óo analfabetismo, pralle chantaren a culpa e mail-os dentes. Nosoutros, témol-a seguranza de que non foron, n-este coma en tódol-os outros casos, os analfabetos os autores. Revelan estes feitos unha osadía e un «caílo» de que carece o desvalido analfabeto. O que tales atentados comete, tén oído, tan siquiera, as loubanzas sóbor das «víctimas», e has tra rumba, seica, co'eso coñecemento. E por eso mesmo é pol-o que a falcatrúa, a profanación é insutribele de vez, e os autores, perfectamente responsábeles. A un analfabeto verdadeiro, engebre (na acepción própia), se comete un despropósito, non hai por qué o castigar nen, coasementente, amonéstalo: el é un producto do médio, é unha nosa mala obra. Inda mais ben debера él nos exigir a nós, os lidos, contas pol-o que lijo el mesmo, por non tere discernido en tempo a diferéncia antre o facer e non o facer. A menor compensacion que debían pillaren estes irresponsábeles, sería o cobraren unha pequeniña pensión ou recompensa por non cometeren crimes óo geito en cuanto que non reciben a «vacunación» contra da iñorancia e da incultura. Son eles dignos, abofé, de contemplacion e agradecemento, por non corresponderen á conducta da sociedade en que viven, aínda se comportando así inconscientemente.

Ben acadamos que o senso das verbas «analfabeto» e mais «analfabetismo» é, as mais das veces, metafórico. Mas aínda así e todo, descóbrese na expresion unha alusion despectiva e recalitrante óos faltos de médios—maldito se de outra cousa—para se ilustraren, óos analfabetos «de direito», en suma. De por parte, ben sabemos que toda expresion figurada tén por orixe unha idéa real, recta, própia, que, nos mais dos casos—e éste é un,—non está

aniquilada nen tan siquiera esquivada. Todo o que lê, oube ou fala mal dos analfabetos—mais o que lê e oube ca non os outros—pón necesariamente o pensamento nos que non saben interpretar o escrito nen compôr o seu nome. E en consecuen- cia, sigve medrando o falso concepto de que os delitos todos, e aínda mais os de esta categoría, son cometidos por esos desposeídos, e que, dende ja, sonlles atribuíbeles exclusivamente. Un exemplo témolo na verba «gallego» nos labres de certas gentes. Inda que ela chegue a se identificar en absoluto co'o significado de algún dos dictérios que agora lle fan aquías conter a empregala ambiguamente, ¿quén de antre nosoutros escoitaría a ecunánime, sen desacougo, pronunciada dispreeiativamente ou coma apóstrofe ou alcume, aínda pón un saeco ou un chinés, dos que nos constara o desconocemento perfecto da existencia da Galicia e mais dos galegos?

Velehí, pois, que os analfabetos constitúen unha cras respetábele. Debémolles considerar a sua iñorancia, tal como eles respetan a nosa sabidéncia, seguramente, seguramente ben máis molésta e provocativa para eles do que a sua débele condicion é-o para connosco. Dempois de todo, a incultura implica inferioridade, humildanza—óo uso ver, interesado,—modéstia, incapacidade, namentras que a cultura agócha os germólos ou principios de unha altiveza, de unha vanidade amostrada en maior ou menor grau. Eles son os nenos da sociedade, nós sômol-os adultos. Debéramos pedir a decraración jurídica da sua irresponsabilidade, para sermos justos en tempo e cangar co'a nosa falta, denantes de lles zoupar co'os reproches. Logo, a mais de non seren de maneira algunha responsábeles do seu estado nen das suas acciós, tampouco non son causantes dos atentados ás produciós mais ideás da cultura.

Eses crimes son a obra dos «analfabetos que saben lér e eserebir», dos que ja se leva falado abondo. A éstos estórballe-a cultura. Corrompeunos, ela. O caso é, pois, ser culto a pesares da cultura que se teña adequerido. Sen cultura calquera é culto, é verdade: eis o fundamento da irresponsabilidade que sentamos. Pero esos refina-

mentos que constitúen os actos vandálicos, non póden sentilos nin gòzalos os analfabetos «de dereito». E o se debeceren por eles—tan agüña como se decatan da súa existencia—ó quezais o maior estímulo que os empula cara á ilustración. Endemal, tememos por eles mesmos, que, se cadra, a deprenderen a lèr e a escribir, perderán, de par da inferioridade, a pureza na que descubrimos agora a súa gala, e engrosarán o fato dos analfabetos «de feito», se dando ás cheas óo pracer demoleador, esborrallador, que en mala hora os maran, óo tempo de acordar a súa curiosidade ingénua.

Emporeso, sentiríamos un chisquiño—mais que, como mal menos, ¡benia el!—o sementarmos inquedanzas moito de mais no espírito singel dos nosos defendidos, e que, desque nos «lean», nos esmaguen, nos esganen, co'o arruallo da súa virtude do analfabetismo.

A. CANALEJO.

NOVAS DA CAUSA

Con un gran entusiasmo e aitividade estase orgoizando a Irmandade galeguista de Ourense que nos anos anteriores á Dictadura tivo fonda importancia e realizou grandes traballos en favor da causa nazonalista.

Conta xa con un gran número de afiliados que van en aumento como sinalando categóricamente o enraizamento que os nosos ideás van tomando en todol-os galegos. A «Irmandade galeguista» nomeou xa o seu Consello directivo, que compoñen os irmáns seguintes:

Conselleiro 1.º, Vicente Risco.
Idem 2.º, Florentino L. Cuevillas.
Idem 3.º, Anxel Martínez.
Segretario 1.º, Alfonso V. Monxardín.
Idem 1.º, Xoaquín Lourenzo Fernández.
Idem 3.º, Xuxo Lourenzo Fernández.
Tesoureiro, Isaac Forneiro.

No Carballiño estase tamén orgaizando unha delegación da Irmandade, e os traballos a elo encamiñados non tardarán en dar froitos, pois o proposito atopa quentura en varios bons galegos residentes n'aquela vila ourensán.

En Allariz ficou constituída xa a delegación da Irmandade que ate agora compoñen os irmáns: Xosé Luis Bouza, Xosé Pascual, Manuel L. Acuña e Modesto Fernández.

Na vila de A Estrada, onde sempre tiveron prosélitos as ideas reivindicadoras de Galicia, constituiuse tamén a delegación da Irmandade, cos ir-

máns que signen: Xosé Outeiro Abelleira, Xosé Constenla Rodríguez, Xosé Fondevila Torres, Manuel García Barros, Perfecto Porto Fraiz, Xesús Rivas Cazollo, Bernardo Mato Castro, Albino Vila Fernández, Xosé Otero Botana e Carlos Pardo Ciórraga.

Tamén a Irmandade de Santiago está levando a bon remate a súa orgaización, e conta xa c'os seguintes irmáns: Camilo Díaz, Xosé Vázquez, Antón Fraguas, Sebastián González, Paulino Pedret, Xesús Armas, Xosé Eiroa, Mario F. Grandell.

✚ Prensa Nazonalista ✚

A FOUCE, Bos Aires. — Este valente xornal, o mais rexo que hasta agora tense publicadío na América, en cada un dos seus números tráenos fonda ledicias e satisfaciós, ollando o seu barudo propagar dos ideás da redención galega. Todo il escrito en galego, con firmas de prestixiosos e entusiasmas irmás residentes na Arxentina, conta tamén con colaboración dos nosos escritores nazonalistas de Galicia.

«A Fouce» anda a sulcar a terra erma da colonia galega da Arxentina; e vai acadando a coño proveitosos froitos para a Causa.

Non precisamos decir con que ledicia e intrés lemos os seus números, que nos falan de como os galegos emigrados van abrindo os ollos e os corazóns ante o problema que Galicia ten planteado.

«**EL DESPERTAR GALLEGO**» Bos Aires. — En bilingüe pero con unha intensa colaboración e editoriales en galego é irmá d'A Fouce, cúa labor secunda con acerto e verdadeira constancia patriótica. Chega tamén a nos periodicamente, e as suas páxinas son como alda bonazos na conciencia galega, chamando aos bos patriotas á laboura que día a día abrese camiño franco, precursor do conqurimento total das aspiraciós galegas.

CÉLTIGA - B. Aires. — A revista de cultura por onde desfilan as firmas mais prestixiosas de Galicia. Temos falado moito da súa obra, que continúa mantendo con unha firmeza e constancia patriótica digna do noso aplauso.

Temos que lles decir que fai tempo non chega a nós directamente. Nin tampouco sabíamos que era interceptada no camiño; mais agora que recibimos sempre a prensa nazonalista d'aló, extráñanos que os números de Céltiga sigan sin chegar ao noso poder. ¿A qué obedece?

EL EMIGRADO - La Estrada. — Este valente semanario que dirixe o noso querido irmán Outeiro Abelleira, aparece agora c'o líduo de periódico galeguista. Publica e trata os problemas de Galicia con xusteza e acerto, que revela no xornal fondo patriotismo.

EL EBRO - Barcelona. — Continuamos recibindo este boletín orgao dos aragonesistas, que manteñen vivo o rexo problema particular d'Aragón.

Lémolo sempre con verdadeiro intrés.

ACCIÓ VALENCIANA - Valencia. — Un novo semanario que aparece agora a loitar pol-o problema nazonalista valencian.

O movemento valencianista estivo algo apagado nos anos da Dictadura, mais agora rexurde con novos pulos, que nós temos que declarar e ollar con satisfacción. Desexámoslles moito entusiasmo e éxitos continuados no seu opostolado.

TAULE DE LI ETRES VALENCIANES, Valencia. — Cada número é ouxeto de especial lectura. Pol-a nosa parte, pois, intréanos fondamente estar ao tanto da marcha dos movementos nazonalistas peninsulares. A cultura valencian ten n'esta revista o seu mais firme expoñente.

Recibimos tamén diarios e revistas catalás, e notamos a falla d'algunhas que antes da Dictadura publicábanse. Sospeitamos que non tardarán en rexurdir para continuar a defensa do ideal catalanista, que, naturalmente, ten de contar sempre c'a nosa axuda e c'a nosa constante preocupación.

Tamén de América recibimos diversas revistas, que sinon declaradas abertamente nazonalistas, tratan ás veces dos nosos problemas con acerto, e publican orixinaes en galego.

Igualmente, de Portugal chéganos un gran número de revistas de cultura, c'as que mantemos troque. As relacións de Portugal e Galicia continúan sendo intensas, aínda que compe-ritifical-as un pouco mais.

BANCO PASTOR

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito	Ptas.	17.000.000
Id. desembolsado	"	11.000.000
Fondo de Reserva	"	4.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro, Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontareas e Chantada.

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTAS CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA PAPELERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21 - Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarraña Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 E 28

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas las
Farmacias, Droguerías,
Hotels,
Depósitos de aguas
minerales,
Restaurants e
vagos camas de
todolos tres.

As mais indicadas en casos de artritis,
desnutrición, diabetes, obesidades diversas,
doenzas do aparello dixestivo, anemia e
neurastenia.

Riquísima auga de mesa gaseada naturalmente.

Mondariz-Balneario

a 35 kilómetros de Vigo.